
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES, DÍA 5 DE DECEMBRO DE 2013**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 13:30 horas do xoves día 5 de decembro de 2013 coa seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores
- 2) Informe do Director
- 3) Execución do presuposto de 2013
- 4) Convocatoria e orde do día da próxima Xunta de Escola
- 5) Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES:

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Domínguez Pérez	Xabier
Galán Díaz	Juan
Herrador Barrios	Manuel
Jurado Albarracín Martinón	José Ángel
Martínez Abella	Fernando
Orro Arcay	Alfonso
Pena Mosquera	Luis

ESTUDANTES:

Espasandín Lacalle	Raúl
--------------------	------

PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

Díaz Maques	José Antonio
-------------	--------------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1) Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores

A acta da sesión anterior enviouse por correo electrónico previamente á reunión. Intervén o Director indicando que lle gustaría matizar dous párrafos da acta, propón o seguinte cambio:

*En lugar de "Está pendiente la contestación de la ANECA al Máster de Iniciación a la Investigación en Ingeniería Civil y al Programa de Doctorado en ingeniería Civil. Se espera confirmación sobre julio o agosto del año siguiente.
En cuanto al Máster de Ingeniería de Caminos, Canales y Puertos, la memoria se encontraba aprobada y los trámites progresan de manera correcta."*

Debe decir: "Está pendiente la contestación de la ANECA al Máster de Ingeniería de Caminos, Canales y Puertos y que puede demorarse hasta junio o julio del año que viene. La memoria de verificación ya ha sido aprobada por la universidad y los trámites progresan de manera correcta."

Intervén tamén o profesor Alfonso Orro sobre a súa intervención na quenda aberta de palabra, considera que o sentido da súa intervención non se transmitiu correctamente, el pedía aclaracións. Consensúase nese momento un cambio na redacción para recoller o sentido correcto, por tanto, o texto quedaría do seguinte xeito:

"A continuación, el profesor Alfonso Orro pide aclaraciones sobre la realización de exámenes y pruebas de evaluación fuera de las horas de clase o en horario de actividades académicas"

Apróbase a acta con estos dous cambios mencionados

2) Informe do Director

O Director comeza o informe tratando a situación do VERIFICA do título de Máster de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos. Recorda que se tramitara e que se enviara á Comisión de Títulos da UdC e tamén ó Consello de Goberno da universidade. Agora, adicionalmente solicítase unha memoria de viabilidade económica. Neste momento, estase á espera da aprobación por parte da Xunta para proceder ó trámite da Acreditación do título.

Respecto a este mesmo tema, o Director sinala que se reuniu co Director da ACSUG para presentarlle o documento enviado e explicar o plan de estudos e os criterios de admisión. Estes criterios implican que os estudantes da Escola se consideran como estudantes que continúan estudos. Sobre a acreditación, esperase a resposta da ACSUG no primeiro semestre do ano 2014.

Continúa o informe explicando que se reuniu co Subdirector Xeral de Universidades da Xunta. A razón desta reunión foi para poder ofertar de maneira integrada grado+máster. Non se trataría de ningún título novo, simplemente sería a maneira de aportar a información

na preinscripción das universidades. Chegouse ó acordo de que estudarían esta cuestión. Nesta reunión tamén se tratou o tema da acreditación do Máster de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos e desde esta instancia indicouse que non habería problemas na súa tramitación.

Outra reunión de interese á que acudiu o Director foi a reunión de Directores de Escolas de Camiños que se realizou o día 22 de novembro de 2013. En este contexto puxéronse en común os datos de prazas de novo ingreso con unha tendencia moi similar á da Escola da Coruña. Tratouse tamén o tema de equivalencia entre Enxeñería de Camiños e Máster de Enxeñería de Camiños. A este respecto existen diversas iniciativas do colexio e tamén unha proposición no Parlamento para esta equivalencia.

Relata ademais que o Ministerio de Educación está emitindo informes igualando caso por caso Enxeñería Superior con nivel de Máster, sen embargo, non se fixo unha equiparación vía lei. Desde este mesmo organismo xerouse unha nota na que se recomenda que as universidades establezan as equivalencias entre créditos LRU e ECTS para dar acceso ó doutoramento desde a titulación de Enxeñería de Camiños C e P.

Por outra banda, nesta mesma reunión tratouse o desemprego existente segundo datos do colexio e corroborouse que os titulados da Coruña están na liña doutras universidades, non destacando en ningún extremo.

Outro tema adicional desta reunión foi a acreditación ABET, para explicar isto, o Director cede a palabra ó profesor Manuel Herrador que explica esta cuestión. Comeza a súa intervención explicando o que é a certificación ABET, que se corresponde con unha acreditación dos títulos en canto a calidade e recoñecemento internacional. No proceso de avaliación dos títulos hai dúas fases, primeiro a verificación que permita a implantación do título e despois de 6 anos para os grados e 4 para os máster, prodúcese a acreditación, é dicir, a revisión dos obxectivos acadados. A este respecto, e para todos estes procesos, a ANECA estableceu un acordo coa Academia de Enxeñería e os procesos de acreditación var acadar un certificado EURACE que é o equivalente europeo ó xa coñecido ABET. Por tanto, a ANECA implantou un programa para acreditación de títulos que se denomina ACREDITA+ que inclúe o selo EURACE para os títulos. Por último, sinala que está aberto o carnet de enxeñeiro europeo.

Intervén en este punto o profesor Manuel Casteleiro preguntando sobre o coste desta acreditación con EURACE. Contesta o Director sinalando que, en principio, para a UdC non debería ter un custo adicional xa que as partidas presupostarias para a ACSUG saen da partida da Consellería de Educación e Ordenación Univesitaria para o Sistema Universitario de Galicia.

3) Execución do presuposto de 2013

Sobre este punto, o Director expón as cifras sinalando que se gastou todo o diñeiro presupostado, recorda ademais que na anterior reunión se determinara a asignación de fondos ós laboratorios da Escola.

Intervén o profesor Fernando Martínez preguntado sobre novas do presuposto do ano 2014, responde o profesor Manuel Casteleiro indicando que en Capítulo 2 se espera un montante aproximadamente igual pero que o Capítulo 6 se reducirá e os fondos se asignarán directamente ós grupos.

4) Convocatoria e orde do día da próxima Xunta de Escola

O Director propón a convocatoria dunha Xunta de Escola para o día 17 de decembro ás 13:00 coa seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da reunión anterior
- 2) Informe do Director
- 3) Premios Extraordinarios Fin de Carreira
- 4) Quinquenios docentes de profesores da Escola
- 5) Renovación de Comisións
- 6) Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro: Informe de seguimento enviado á ACSUG. Actualización do manual do SGIC.
- 7) Quenda aberta de palabra

Apróbase

5) Quenda aberta de palabra

Intervén o estudante Raúl Espasandín sobre a organización do Intercamiños que se realiza este ano en Valencia. Entre os estudantes falouse sobre isto e hai opinións relativas a reducir as axudas para compra de equipamentos deportivos e reservar algúns fondos para colaborar co Intercamiños. O Director responde que xa manifestara o seu apoio ós acordos dos estudantes e que coñece a situación, indica tamén que é consciente de que o ano próximo este evento se celebra na Coruña.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 14:30 do 5 de decembro de 2013.

Vº. Bº.

Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico